



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 431/2020

OBXECTO: DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

INFORME DE SECRETARÍA

Don Fernando María Torre Comesaña, Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Secretaría do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e da Providencia da Alcaldía obrante no expediente emite o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

- Providencia de Alcaldía da data da sinatura dixital pola que se solicita o presente informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. (LRBRL).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF).
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Disposición Adicional Segunda da LCSP, entre outros aspectos, sinala que:

1. "Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, subministracións, de servizos, contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, eventuais prórrogas engadidas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 5EZ6FYD4XJ6QC8LLMFLTRA9S3 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DE CHANTADA

porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio nin a contía sinalada.

2. *Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior. Asimesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire esta Lei”.*

Asimesmo, o artigo 61 da LCSP sinala que os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades en materia de concentración co cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias cando se trate de órganos administrativos ou para o outorgamento de poderes cando se trate dunha fundación.

Segundo.- O artigo 22.4 da LRBRL dispón que o Pleno pode delegar as súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas en determinados párrafos do apartado 3 deste artículo entre as que non se atopa a competencia en materia de contratación. Deste xeito, e tal como sinala o Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón 11/2011, de 4 de maio e 21/2012, de 14 de novembro, o réxime xurídico da delegación de competencias permite que o Pleno delegue as competencias que lle corresponden como órgano de contratación, tanto no Alcalde como na Xunta de Goberno Local.

O artigo 51 do ROF sinala que o Pleno do Concello pode delegar calquera das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, con excepción das sinaladas no artigo 23.2 b, segundo inciso da LRBRL. O acordo Plenario polo que se produza a delegación, que se adoptará por maioría simple, surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo das súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores de dito acordo. O acordo de delegación conterà o ámbito dos asuntos aos que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.

Terceiro.- Os trámites fundamentais do procedemento a seguir son:

- a) Proporáse a posibilidade de delegación do Pleno na Xunta de Goberno Local ou no Alcalde.
- b) Unha vez presentada a proposta acordarase polo Pleno a correspondente delegación de competencias, por maioría simple.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

- c) O acordo adoptado publicaráse no Boletín Oficial da Provincia sendo efectivo a partir do día seguinte á súa adopción.
- d) Deben cumprirse as obrigas de publicidade activa previstas na normativa sobre transparencia.

CONCLUSIÓN

- O Pleno pode delegar as competencias en materia de contratación na Alcaldía ou na Xunta de Goberno Local, salvo aquelas para cuxa aprobación se requira unha maioría especial.
- O acordo surtirá efectos a partir do día seguinte á súa adopción, sen prexuízo das obrigas de publicación.

Exposto canto antecede, esta Secretaría entende conforme a dereito a proposta de acordo obxecto do presente informe, sendo a lexislación aplicable e o procedemento a seguir os sinalados.

Chantada, na data da sinatura dixital

O Secretario

Fernando María Torre Comesaña

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 5EZ6FYD4XJ6QC8LLMFLTRA9S3 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3